



Organismo: SECRETARÍA XERAL – Subdirección Xeral de Persoal - Servizo de Secundaria

Resolución do 10 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que xulgarán o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas convocados pola Orde do 10 de novembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 15 de novembro), polas que se anuncian as datas, as horas e os lugares en que se fará a entrega da documentación relativa ao apartado 3.2 do anexo III, do baremo de méritos, publicacións e méritos artísticos.

De acordo coa base común 6 da Orde do 10 de novembro de 2007 (DOG do 15 de novembro), pola que se convoca *procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas*, estes tribunais, de conformidade coas instrucións da secretaría xeral, acordan o seguinte:

Único.- O acto no que os aspirantes realizarán directamente a entrega da documentación relativa ao apartado 3.2 do anexo III, do baremo de méritos, da Orde de convocatoria, publicacións e méritos artísticos terá lugar nas datas, horas e lugares que se sinalan:

Tribunal nº 1: Especialidades que avalía:

Lingua castelá e literatura, francés, inglés, lingua e literatura galega

- Lugar: IES Xelmírez I. Poza de Bar s/n – Santiago de Compostela (A Coruña).
- Día 27 de xuño de 2008

- De 9 a 10 horas, disciplina francés.
- De 10 a 14,30 horas, disciplina de lingua e literatura galega.
- Día 30 de xuño de 2008
 - De 9 a 11 horas, disciplina inglés.
 - De 11 a 14,30 horas, disciplina de lingua castelá e literatura.

Tribunal Nº 2: Especialidades que avalía:

Filosofía, grego, latín, xeografía e historia, música, psicoloxía e pedagogía

- Lugar: Museo Pedagóxico de Galicia – MUPEGA . San lázaro, 107 – Santiago de Compostela.
- Día 27 de xuño de 2008
 - De 10 a 14 horas, disciplina xeografía e historia.
- Día 30 de xuño de 2008
 - De 10 a 14 horas, disciplina filosofía, grego, latín, música e psicoloxía e pedagogía.

Tribunal Nº 3: Especialidades que avalía:

Física e química, bioloxía, debuxo, educación física, tecnoloxía, economía, análise e química industrial.

- Lugar: IES Cruceiro Baleares. Acea de Ama. O Burgo. 15670 Culleredo (A Coruña).
- Día 27 de xuño de 2008
 - De 11 a 14 horas, disciplina física e química.
- Día 2 de xullo de 2008
 - De 11 a 14 horas, disciplinas de debuxo, educación física e análise e química industrial.
- Día 3 de xullo de 2008
 - De 10 a 13 horas, disciplinas de bioloxía, tecnoloxía e economía.

Tribunal Nº 4: Especialidades que avalía:

Administración empresas, formación e orientación laboral, construcións civís e edificacións, informática, hostalaría e turismo, intervención sociocomunitaria,

organización e xestión comercial.

- Lugar: CIFP Monte de Conxo (Politécnico de Santiago). R/Rosalía de Castro, nº 133. Santiago de Compostela.
- Día 27 de xuño de 2008
 - De 9,30 a 14 horas, disciplinas administración empresas e organización e xestión comercial.
- Día 30 de xuño de 2008
 - De 9,30 a 14 horas, disciplinas de formación e orientación laboral, construcións civís e edificacións, informática, hostalaría e turismo e intervención sociocomunitaria.

Tribunal Nº 5: Especialidades que avalía:

Matemáticas, asesoría e procesos de imaxe persoal, procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos, sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e automáticos, navegación e instalacións mariñas, organización e proc. de mantemento de vehículos, organización e proxectos de fabricación mecánica, procesos sanitarios, procesos e medios de comunicación, procesos e produtos en madeira e moble.

- Lugar: CIFP Monte de Conxo (Politécnico de Santiago). R/Rosalía de Castro, nº 133. Santiago de Compostela.
- Día 27 de xuño de 2008
 - De 10 a 14,30 horas, disciplinas
 - Matemáticas desde Acosta Puente, María Teresa ata Barros Sueiro, José A., ámbolos dous incluídos.
 - Tódalas demais especialidades.
- Día 30 de xuño de 2008.
 - De 10 a 14,30 horas, disciplina
 - Matemáticas desde Bartolomé Fuentes, Alfonso ata Fernández Cal, Jesús, ámbolos dous incluídos.
- Día 1 de xullo de 2008.

- De 10 a 14,30 horas, disciplina
 - Matemáticas desde Fernández Cereijo, José Antonio ata o final.

Corpo 592: Profesores de escolas oficiais de idiomas,

Tribunal Nº 1: Especialidades que avalía:

Alemán, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso.

- Lugar: IES Cruceiro Baleares. Acea de Ama. O Burgo. 15670 Culleredo (A Coruña).
- Día 27 de xuño de 2008
 - De 10 a 13 horas, tódalas disciplinas.

Corpo 595: Profesores de artes plásticas e deseño

Tribunal Nº 1: Especialidades que avalía:

Debuxo artístico e cor, debuxo técnico, historia da arte, volume, deseño gráfico, materiais e tecnoloxía: deseño.

- Lugar: Escola de Artes Mestre Mateo. Virxe da Cerca 32. Santiago de Compostela. Día 27 de xuño de 2008
 - De 10 a 13 tódalas disciplinas.

Recórdase que a entrega da documentación poderá realizarse directamente ou ben a través doutra persoa debidamente autorizada ante o tribunal correspondente e nas datas, horas e lugares indicados nesta resolución.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2008.

Benito Fernández Rodríguez

Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria